



ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA SÁBADO 23 DE NOVEMBRO DE 2024. CSC das Fontiñas

Hora de convocatoria: 10:30h

Inicio da asemblea: 11:07h (segunda convocatoria)

Asistentes presenciais:

Laura Romero
Sergio Covelo
Rebeca Varela
Manel Cráneo
Luis Sendón
Alberto Guitián
Augusto Metzli
Bruno Elerre
Eva Agra
Chus Rojo

Asistentes telemáticos:

Aarón Fernández
Clara Cerviño
Paulas
Sandra Lodi
María Álvarez
Bernal Prieto

Sergio Covelo, secretario técnico e moderador na asemblea, comproba primeiro que as persoas conectadas escoitan e ven o streaming. Despois de agardar á segunda convocatoria, dase comezo a Asemblea lendose a orde do día que consta destes puntos:

1. Lectura e aprobación, no seu caso, da acta da asemblea anterior.
2. Informe económico e aprobación, no seu caso, das contas de 2023.
3. Repaso das actividades desenvolvidas no exercicio 2023-2024.
4. Proposta de actividades e actuacións para 2024-2025.
5. Presentación de novos candidatos para a xunta directiva
6. Rogos e preguntas.



ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA 2024

1. Lectura e aprobación da Acta da reunión xeral de 2023

Laura procede a ler a acta da reunión xeral de 2023

Aquí deixo os puntos máis relevantes deste apartado:

- 1.1. Lectura e aprobación, no seu caso, da acta da asemblea anterior.
- 1.2. Informe económico e aprobación, no seu caso, das contas de 2022.
- 1.3. Previsións de tesourería para o ano en curso.
- 1.4. Repaso das actividades desenvolvidas no exercicio 2022-2023.
 - Dia da Ilustración
 - Guia ninja da Ilustración 2ª edición
 - Colaboracións habituais da Agpi
 - Representación de Agpi en Feiras Internacionais
 - Celebración de varios Drink and Draw en Vigo e Vilagarcía
 - Charlas Retrato Falado en IG de AGPI a cargo de Augusto Metzli
 - Participación de varios membros de Agpi no programa Porta aberta
 - XX Encontro Galego de Ilustración
 - Colaboración coa Fadip
- 1.5. Proposta de actividades e actuacións para 2023-2024.
 - Implementar Save Creative para xs socixs
 - Exposición Vinte anos Agpi
 - Reformas nas galerías Web e Faqs
 - Dia da Ilustración 2024 adicado a Chichi Campos
 - XXI Encontro galego de Ilustración 2024
 - Colaboración coa Fadip
- 1.6. Presentación de novos candidatos para a xunta directiva
- 1.7. Rogos e preguntas.

Aprobouse por unanimidade a acta da reunión xeral do ano 2022.

2. Informe económico do exercicio 2023

En ausencia da tesoureira **Laura Tova**, Sergio e Laura proceden a ler o balance económico e explicar un pouco o estado das contas da Agpi

2.1. Ingresos totais: 30.122€



ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA 2024

Dos cales:

Cotas de socios: 14.181€
Convenio Xunta: 6.000€
Día da Ilustración: 6.017'33€
Outros ingresos:

2.2. Gastos totais: -27,514,85€

Dos cales:

Arrendamentos e cánones: -372,88€
Aluguer do local: -1.115,31€
Servicios profesionais: -20.569,73€
Comisión bancanrias: -683,49€
Outros servicios: -2.896,07€
Gastos de dietas: -1.877,37€

Resultando a suma de tódolos gastos e ingresos en:

Balance positivo de 2607,15€

2.3. Valoración de previsions de tesoureria para o ano en Curso

A 12 de novembro hai: 3.623€
Ingresos trimestrais das cotas dos socios: 3.588€
Ingresos pendentos
Segundo cobro do Convenio 2024: 3.500€

2.4. Altas e baixas de socios

A día 23 de novembro de 2024 somos 110 socixs, o cal supón unha perda de dous socixs con respecto a 2023. Tivemos un total de 5 altas fronte a 7 baixas dende a pasada Asamblea Xeral Ordinaria (20/01/2023)

Aprobanse por unanimidade o informe económico.

3. Resumo de acción en 2023-2024.

Sergio relata un resumo das diferentes accións que se levaron a cabo dende a AGPI:

3.1. Día da ilustración 2024 Chichi Campos

Resumo das diversas actividades realizadas co fin de honrar a personaxe de Chichi



ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA 2024

Campos durante o día da ilustración 2024. Entre elas salienta o traballo de carteleira de Rebeca Varela, as diferentes actividades realizadas nas escolas de Ilustración de Galicia e a exposición conmemorativa a súa figura no monte Gaiás e as diferentes ilustracións realizadas por socixs da Agpi

3.2. Campaña dende a AGPI para mellorar as condicións de premios e concursos

Realización dunha campaña para mellorar as condicións tanto do concurso como do premio para realizar o cartel do festival de Ortigueira e outros tantos dende os que se contacta dende a AGPI con esta intención. No caso do festival de Ortigueira o resultado foi nulo.

3.3. Charlas Ninja

Diferentes charlas nas cales se expoñen os contidos da Guía Ninja, neste caso no Salón do libro infantil e xuvenil de Pontevedra e en Allariz ilustrado

3.4. Retratos falados no Instagram de Agpi

Diferentes entrevistas levadas a cabo por Augusto Metzli nas cales se entrevistan a diferentes personalidades relacionadas co mundo da ilustración. Neste caso as entrevistas foron realizadas a Nia SOLer, Santy Gutiérrez e Bernal Prieto.

3.5. Representación da Agpi en feiras internacionais

Este ano estivemos en Boloña representados por Diego Estebo e en Bos Aires da man de Rebeca Varela

3.6. Cambios no servicion de asesoría xurídica

Debido a unha serie de circunstancias (unha baixa e un cese de actividade profesional) Isa Méndez deixa o servicion de asesoría xurídica, agora da man de Mariona Sardá

3.7. Participación no I Encontro do Livro Galego organizada pola UDC

Organizado polo personal da facultade de filoloxía da UDC convidáronnos a participar, co obxectivo de visibilizar os oficios que forman parte do mundo editorial. Fomos representados por Augusto Metzli.

3.8 Participación no Viñetas dende o Atlántico

Como ven sendo costume tivemos representación na feira de Viñetas, onde contamos sempre cun stand. Nesta edición presentou Bernal Prieto alí o novo caderno da AGPI,



ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA 2024

visitas guiadas ás exposicións cos autores, diferentes talleres, revisión de portfolios e presentación de traballos de membros da AGPI (Bruno Elerre e Alex Martos)

3.9. XXI Encontro Galego de Ilustración.

Como todo-los anos vense facendo, realízase un encontro de ilustradores da Agpi todo-los anos, nesta ocasión, sen falta de polémica ao respecto debido a distancia e malas conexións; a cidade escollida para albergala foi Lugo.

Alí durante este evento relizaronse as seguintes actividades:

- Escaparates Ilustrados, da man de Giovanna Lopalco na librería Biblos e Guitián na librería Lectocosmos.
- Obradorio "Deseño de personaxes non normativos" na EASD Ramón Falcón da man de Eva Agra
- Charla obradoiro " O sentido do humor e a súa relación co éxito na carreira profesional dun ilustrador" por Mónica Rodríguez Limia.
- Presentación do novo caderno Agpi da man de Augusto.
- Exposición XX anos de Agpi polo XXI Encontro Galego de Ilustración cun concerto de Iria Estévez.
- Charla "E ti de quen eres?" charla na que participan Santy Gutiérrez e Manel Cráneo moderada por Neves Rodríguez.
- Charlas obradoiros: "Podería funcionar" por Leandro Barea, "Debuxo e moito BlaBlaBla" por Julia Lago e "Crea personaxes xogando co papel" por Diego Estebo.
- Obradoiro para cativos "Cal é o teu libro favorito?" por Aida Alonso.

Coordinaron: Augusto Metzli e Bruno Elerre, levou as RRSS Lara Ingelmo, equipo técnico Laura Romero e Rebeca Varela, o apartado de deseño gráfico Alba Pérez e lago Araujo e a Ilustración do cartel da man de Diego Pena

Bruno lee o informe do Encontro Galego de Ilustración.

Bruno relata un informe exhaustivo escrito por Augusto, no cal se profundiza en temas tocados no punto anterior (3.9) A maiores Bruno comenta certas problemáti-



ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA 2024

cas co espacio do Vello Cárcere sobre todo en tanto en canto non se axudou muito a montaxe do espacio.

A continuación, Manel, Bruno e Sergio comentan diversas obxeccións acerca do lugar e do emplazamento do mesmo. Estas cuestións se repètirán ao longo de toda a reunión sendo un motivo importante de discusión. Así mesmo Manel comenta que tal vez a falta de figuras potentes fora do ámbito galego coa intención de chamar a atención dos socios que vivan noutros lugares.

Coméntanse diversas obxeccións en torno aos lugares escollidos para emplazar a exposición (Eva Agra)

Bruno, Augusto e Manel falan acerca dos espazos e da colaboración cos medios e certos desencontros con políticos lucenses.

Sergio comenta o feito de que mover o encontro dun lugar como Santiago, máis céntrico, conleva riscos, pero o vé necesario para dar a coñecer a labor da Agpi e descentralizala un pouco do Eixo AP9. Comenta a facilidade do Eixo AP9. Pola contra coméntanse as facilidades que ten Santiago como punto para reunir os socios e Manel comenta que descentralizar conleva problemas de asistencia dos socios.

Augusto comenta que se levan anos, sobre todo despois da pandemia, a falta de asistencia de socios incluso cando se fai o Encontro en Santiago. De ahí a decisión de movela a outros lugares como Vigo ou Lugo. Sergio apunta a que o movemento do evento apunta a captar socios doutros lugares. Manel comenta que isto pode facerse con eventos puntuais. Sergio comenta a dificultade de xerar e reforzar vínculos incluso con actividades menores como o Drink and Draw en Vigo.

Augusto comenta outra vez a dificultade de atraer público para las actividades. Eva comenta que moitas veces as dinámicas da cotidianidade, o individualismo e a falta de visión de grupo, comenta que se busca dende os socios da agpi. Manel comenta a falta de momentos para socializar co resto do gremio e sinala isto como eixo do encontro. Guitián comenta que a falta de xente potente, figuras de fora de Galicia poden ser un handicap. Sergio comenta o caso de Tomás Hijo que sendo en Vigo non houbo tanta afluencia de socios, aínda que si doutros asistentes non poertencentes a Agpi. Comenta Guiti que tal vez a saturación de eventos durante o Encontro impide a socialización dos socios entre eles. Sergio reflexiona e comenta de tal vez a formula de facer o encontro en dous días e facer o xantar durante o encontro. Augusto comenta que é fundamental moverse a pesar das comunicacións, cambiar e probar formatos novos. Augusto comenta que falta xente na directiva. Bruno comenta a dificultade de atraer a xente das escolas de debuxo e ilustración.

Para concluir Augusto anima aos socios a sumarse a xunta directiva, e tal vez



ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA 2024

organizar dous eventos a suxerencia de Manel un que vaia rotando e outro que se manteña fijo.

Resumo de acción na Fadip.

Faise un pequeno resumo das accións da Fadip da que a Agpi forma parte, entre elas:

Premios nacionais de Ilustración e de Banda Deseñada

Campaña "Tools for the Future"

Manifiesto da cultura ante a IA, reunión co ministro de Cultura Enest Urtasún conseguindo compromiso para a defensa dos dereitos de autor fronte os servicios de IAs

Campaña "Vitrinas y Páginas"

Incorporación de APIAST (Asturias) e APIA (Aragón) a FADIP, que polo de agora con voz pero sen voto ata crear un novo estatuto

XX Aniversario EIF fixando a súa sede en España e ocupando a FADIP a vicepresidencia, na cal a nosa socia Clara Cerviño ocupa o cargo de vicepresidenta suplente.

Comunicado de Fadip, Arte es Ética, SEGAP-CGT e EGAIR

Campaña EIF a favor dunha maior diversidade na nosa profesión FADIP solicitou participar na elaboración do primeiro código de boas prácticas de UE en IA. A maiores, Clara comenta que xa están formados os grupos para a elaboración deste código de boas prácticas e que comezaron as reunións o día 18 de novembro

Moveuse a exposición de Literatura Visual a China.

Reunións informativas sobre o Estatuto do Creador.

4. Proposta de actividades e actuacións para o 2024/25.

Enumerando rapidamente as accións previstas dende a AGPI para o próximo curso, para pasar o debate que estas xeraron:



ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA 2024

- Reformas nas galerías web e FAQs.
- Día da Ilustración 2025 Xosé Vizoso.
- Novo modelo de convenio ca Secretaría Xeral de Cultura.
- XXII Encontro Galego de Ilustración 2025.
- Colaboración con FADIP en actividades como a elaboración de documentos como o novo Libro Branco, renovación da web, etc.
- Novas Liñas de financiamento das actividades de Agpi.
- Mudanza da sede a un coworking para acadar mellores condicións económicas, loxísticas e de almacenamento.
- Previsto relevo na Secretaría Técnica para abril.

Guitian comenta que ó longo dos anos, polo Día da Ilustración se creaban grupos de traballo e mesmo se fixo unha enquisa e unha assemblea extraordinaria para mellorar as condicións de traballo e orzamento deste evento. Fixose un balance de obxetivos e cuestións a mellorar, sobre todo os orzamentos e o fluxo de comunicación co aparato da Xunta, o cal para todo o que non se levara a cabo no Gaiás ficou ausente.

O orzamento para o DI viña sendo nos últimos anos de 5000€, salvo este último onde ascendeu a 6000. Con todo, este orzamento é insuficiente para o que se pide. Por iso estivo preparándose un novo convenio de 15000€ repartido nunha partida de 7000€ para as actividades do DI e o resto para o vindeiro Encontro, as reformas da web e demais conceptos.

Sergio lembra que o Día da Ilustración non vai suxeita a unha subvención, como é o convenio, se non que son unha serie de actividades que AGPI cóbralle a Bibliotecas a través dunha factura. Manel deixa uns comentarios sobre os orzamentos. Guiti comenta que o que se está a intentar dende a AGPI é que a Xunta pague cantos máis parte do orzamento posible e que se está intentando rematar de pechar o convenio. O que se está a intentar e traballar o mesmo ou menos pero en mellores condicións. Tamén fala da necesidade de planificar.... falase do vídeo homenaxe, da súa conveniencia ou non, pola cantidade de traballo que conleva a súa mínima repercusión. Fálase da idoneidade de traballar con autores vivos a hora de contactar con eles e conseguir material para a súa difusión.

Fálase da idoneidade do cambio de sede da Agpi, tanto a nivel económico, loxístico e de espazo. Luis comenta acerca do material almacenado na sede. Sergio sinala as dificultades de mover todo ese material vello. Fálase tamen do feito de



ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA 2024

distribuir os cadernos entre os socios que non teñan xa os seus exemplares.

Por último, comentase a futura marcha de Sergio da Secretaria Técnica e ábrese a búsqueda de candidatos. Sergio comenta que debido a cuestións laborais faíselle difícil facerse cargo do posto e suxire buscar relevo entre os membros máis veteranos da directiva ou entre os socios, en especial aqueles que xa estiveran algunha vez na xd.

Aprobado por unanimidade.

5. Presentación de novos candidatos para a xunta directiva

Na presente Asamblea danse de baixa da xunta directiva as seguintes persoas:

Laura Tova

Presentan a súa candidatura para entrar na xunta directiva a seguinte relación de persoas socias:

Laura Caneira

Paula Mayor

Diego Estebo

Eva Agra

Procédese á votación e apróbase a nova xunta directiva por unanimidade.

6. Rogos e preguntas.

Polemica de safe creative e a Unitaria do seu abuso coa IA xenerativa, tanto Augusto como Manel como Eva, Sergio e Guitián.

Falase de que se defende a creatividade que se acada mediante o emprego destes programas e servicios de IA e o final e xusto o revés.

Comentanse dalgúns casos que son postos como exemplo paradigmático deste feito

Augusto reitera e volve a comentar a falta de mans na Xunta Directiva da AGPI

Fálase de que entre socios de honra hai un total de 11 ou 12, e que estes non pagan cuota, a excepción de Xose Lois o cal paga de xeito voluntario.

Sergio comenta que ata dentro duns 5 ou mais anos no haberá máis socios de honra.

Augusto comenta que fixo un listado do que fai falla



ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA 2024

Coméntase a realización dunha lista de difusión de wassap ou un grupo de wassap para axilizar a comunicación entre os membros

Tamén fálase da creación dun novo posto de vocal territorial

Paula comenta sobre o Premio Castelao da Deputación da Coruña, pero que, como non puido acudir presencialmente hoxe, farao a través do foro.

Para axudar á financiación, tentar crear un "Patreon" ou similar para que xente que non son ilustradores poidan facer aportacións económicas. Poderíase dar acceso a algunha actividade ou contido que poida interesarlles, ou ser simplemente mecenas cunha cuota mínima.

Dase por finalizada a asemblea ás 13:47 h.